

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA E A ASOCIACIÓN CLÚSTER EMPRESARIAL DE TURISMO DE GALICIA (CTG) PARA A ELABORACIÓN DA ESTRATEXIA DE TURISMO DE GALICIA 2024-2030

Santiago de Compostela,

REUNIDOS

Dunha parte, D. Antonio Casas Calviño, xerente da **Axencia de Turismo de Galicia**, e por suplencia do director, en virtude do artigo 19.6 dos estatutos da Axencia de Turismo de Galicia, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro (DOG núm. 193, do 9 de outubro) e de acordo coas facultades que lle confire á dirección da Axencia o apartado dous da disposición adicional segunda do Decreto 108/2022, do 16 de xuño, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia (DOG núm. 117, do 20 de xuño), que desconcentra na persoa titular da Dirección da Axencia a competencia para subscribir convenios de colaboración no seu respectivo ámbito competencial, en relación co previsto no artigo 15.2.c) dos estatutos).

Doutra parte, D. Cesáreo González Pardo, en calidade de Presidente da **Asociación Clúster Empresarial de Turismo de Galicia (en adiante, CTG)**, con NIF G70377338, e domicilio a efectos de notificacións no Edificio Centro Emprendimento (Coworking) Cidade da Cultura de Galicia Monte Gaias, s/n 15707, Santiago, elixido para o devandito cargo por elección realizada no seo da Asemblea Xeral Extraordinaria do CTG do 20 de decembro de 2022 e actuando en virtude das facultades que lle outorga o artigo 19 dos estatutos da entidade.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan, teñen conferidas e,

EXPOÑEN



Primeiro.- Que a Axencia de Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 9 do Decreto 196/2012, do 27 de setembro polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia, é a entidade da Xunta de Galicia á que lle corresponde o exercicio, entre outras, das competencias en materia de fomento e competitividade do turismo.

Segundo.- Que a asociación sen ánimo de lucro CTG, constituída o 20 de xuño de 2013, é a única entidade en Galicia que agrupa e representa a toda a cadea de valor do sector turístico de Galicia, cuxa finalidade é a representación, defensa e difusión dos intereses comúns dos seus membros, o fomento das actividades principais ou nucleares da cadea de valor do turismo (actividades de apoio, actividades centradas no subministro e actividades centradas no equipamento) así como o incremento da competitividade do sector turístico para o cal realizará cantas accións estime necesarias, promovendo e impulsando a interacción dos distintos axentes co fin de dinamizar e fomentar as relacións entre eles, proporcionando unha plataforma de encontro axeitada para poder cumprilo reto de desenvolver o sector do turismo en Galicia.

Terceiro.- O turismo é unha realidade dinámica e cambiante, especialmente no contexto actual. Froito do traballo conxunto entre o sector privado e a administración autonómica, é posible establecer os principais retos, obxectivos e liñas estratéxicas para a mellora da competitividade do sector e de Galicia como destino turístico.

No ano 2023, obtívose unha completa diagnose da situación do turismo de Galicia derivado dun proceso de reflexión colectiva, xunto coa análise científica da oferta (a través dos recursos diferenciais cos que conta o territorio galego), a demanda (estudando a súa evolución e tendencias nos últimos anos), e a cadea de valor do sector turístico de Galicia realizada polas tres universidades galegas coa coordinación da Área de Estudos e Investigación de Turismo de Galicia. Este é o punto de partida para o deseño dun novo Plan Estratéxico para o turismo de Galicia que aborde os principais retos identificados.

Cuarto.- O obxecto do presente convenio é a elaboración da Estratexia de Turismo de Galicia 2024-2030, identificando as liñas estratéxicas e realizando a definición dos principais retos e misións do turismo galego para os seguintes anos.

Dito convenio ten como finalidade establecer unha serie de liñas de actuación entre a Axencia de Turismo de Galicia e o Clúster de Turismo de Galicia, que se detallan a continuación:

- Organización de talleres técnicos para o desenvolvemento dos retos identificados.



- Elaboración dun catálogo de instrumentos de xestión e análise competitivo doutros destinos (benchmarking).
- Dirección técnica e metodolóxica para a redacción do plan, desenvolvemento da imaxe e maquetación do plan.
- Organización de eventos de presentación ao sector.
- Asistencia e coordinación do convenio.

Quinto.- As actividades a realizar no marco do convenio concréntanse en cinco grandes liñas:

1. TALLERES TÉCNICOS PARA O DESENVOLVEMENTO DOS RETOS IDENTIFICADOS NA ESTRATEXIA DE TURISMO DE GALICIA.

A implicación dos axentes turísticos, públicos e privados, do territorio é esencial para a adecuada elaboración da Estratexia de Turismo de Galicia 2024-2030. Consecuentemente, propónse a organización de **talleres técnicos por temáticas**, favorecendo así a participación na definición dos obxectivos e liñas estratéxicas do Plan.

Algunhas destas temáticas xa foron identificadas no proceso de diagnose. A modo de exemplo, poderanse abordar algunhas das seguintes materias:

- **Innovación, dixitalización e transformación dixital**, de cara a valorar todas as posibilidades que nos ofrece a tecnoloxía para mellorar a experiencia dos turistas antes, durante e despois da viaxe e que medidas podemos implementar para mellorar a dixitalización do sector turístico galego.
- **Marco legal que afecta ao sector turístico**, tendo en conta aspectos normativos que contribúan a ofrecer maior calidade na prestación dos servizos e que preocupan especialmente ao sector.
- **Sostibilidade integral**, dende un punto de vista medioambiental, social e económico. Neste encontro poderán abordar os instrumentos para mellorar a convivencia entre o turismo e a poboación local, como potenciar a autenticidade do territorio ou como minorar o impacto da concentración turística en determinados destinos.
- **Desestacionalización**, traballando na oferta que poida atraer turistas fora da tempada estival, como poden ser a organización de eventos e incentivos en tempada baixa, a diversificación ou a internacionalización.
- **Recursos humanos e retención do talento**, de cara a proporcionar un emprego de calidade, cun desenvolvemento profesional que permita mellorar a percepción da actividade turística



- **Internacionalización.** Unha vez identificados os principais mercados para Galicia, é imprescindible valorar como podemos incrementar a porcentaxe de turistas internacionais e poñer en común que accións se estiman mais efectivas para dirixirnos a eses mercados.
- **Rendibilidade empresarial,** buscando medidas que favorezan a creación de empresas, de emprego e permitan contribuír o benestar da nosa comunidade.
- **Gobernanza e colaboración.** No marco desta temática poderán tratarse as diferentes ferramentas de xestión turística do destino, a formación ou a cooperación de todos os axentes da cadea de valor do sector turístico.
- **Mobilidade e cambio climático,** co fin de valorar accións para promover unha mobilidade sostible e mitigar o cambio climático, tales como mellorar as opcións de transportes sostibles, as infraestruturas verdes ou as estratexias para adaptación ao cambio climático.
- **Reequilibrio territorial e loita contra o despoboamento,** como un elemento esencial para garantir un desenvolvemento turístico sostible e equitativo, que beneficie tanto ás áreas urbanas como as rurais, contribuíndo así á conservación do patrimonio cultural e natural e ao benestar das comunidades locais.
- Para cada unha das temáticas finalmente seleccionadas, identificarase a lo menos un **experto especializado na materia**, que poida afondar nos aspectos mais relevantes desa área, proporcionando unha visión mais completa e detallada dos desafíos e oportunidades relacionados. Asemade, en función da temática, poderán utilizarse **diferentes metodoloxías** que faciliten a participación para o desenvolvementos dos retos identificados na diagnose da situación do turismo en Galicia.

2. CATÁLOGO DE INSTRUMENTOS DE XESTIÓN E ANÁLISE COMPETITIVO DOUTROS DESTINOS (BENCHMARKING).

Un análise estratéxico, identificando e avaliando os principais instrumentos de xestión utilizados noutros destinos similares ou competidores, permítenos aprender da experiencia doutros territorios (casos de éxito).

En consecuencia, o obxectivo é **identificar as prácticas, estratexias ou políticas que están funcionando mellor noutros destinos**, de cara a impulsar a competitividade, mellorar a calidade dos servizos e experiencias ofrecidas aos visitantes e garantir o éxito de Galicia a longo prazo.



3. DIRECCIÓN TÉCNICA E METODOLÓXICA PARA A REDACCIÓN DO PLAN, DESENVOLVEMENTO DA IMAXE E MAQUETACIÓN DO PLAN.

Como labores de dirección técnica e coordinación metodolóxica das actuacións contempladas no presente convenio, inclúense as seguintes tarefas:

- Redacción e maquetación da Estratexia de Turismo de Galicia 2024-2030.
- Asistir as reunións de coordinación e validación coa Axencia de Turismo de Galicia.
- Apoio na identificación das partidas orzamentarias dispoñibles para a execución do Plan.
- Deseño e desenvolvemento da imaxe (logotipo e materiais gráficos).

4. EVENTOS DE PRESENTACIÓN AO SECTOR.

Organización de polo menos dous eventos de presentación aos profesionais do sector turístico de Galicia. A saber:

- Xornada inicial de presentación para dar a coñecer as accións previstas para a elaboración da Estratexia de Turismo de Galicia 2024-2030, de forma que todos os axentes interesados poidan participar no desenvolvemento dos retos identificados
- Xornada de presentación do documento final da Estratexia de Turismo de Galicia 2024-2030, na que se identifiquen os principais retos, obxectivos e liñas estratéxicas que marcarán a folia de ruta a seguir nos seguintes anos

5. ASISTENCIA E COORDINACIÓN DO CONVENIO

As accións administrativas derivadas da execución do presente convenio, tales como velar polo cumprimento das obrigas derivadas do mesmo, a formalización dos contratos para o desenvolvemento das actuacións ou a xustificación dos gastos.

Sexto.- Que a Axencia de Turismo de Galicia, para fomentar a colaboración público privada na consecución destes fins comúns, considera conveniente colaborar co CTG, coa sinatura deste convenio, que permita a consecución dos obxectivos sinalados e continúe os resultados dos convenios asinados desde o ano 2014, o que redunda no desenvolvemento do sector turístico da nosa Comunidade Autónoma.

Polo exposto a colaboración entre as partes responde ao interese común das mesmas, de continuar coa posta en valor da oferta turística da rexión que contribúa a un crecemento sostible do destino, motivo polo que a Axencia de Turismo de Galicia considera axeitado e



necesario, por razóns de interese público, colaborar co Clúster para o desenvolvemento do programa antes referido, por ser a única entidade que representa a toda a cadea de valor do sector turístico de Galicia, e polo tanto a única entidade que pode desenvolver o seu obxecto e lograr acadar o seu obxectivo.

En consecuencia, ambas partes acordan a formalización dun convenio de colaboración de acordo coas seguintes,

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

O obxecto do presente convenio é a elaboración da Estratexia de Turismo de Galicia 2024-2030, identificando as liñas estratéxicas e realizando a definición dos principais retos e misións do turismo galego para os seguintes anos.

Dito convenio ten como finalidade establecer unha serie de liñas de actuación entre a Axencia de Turismo de Galicia e o Clúster de Turismo de Galicia, que se detallan a continuación:

- Organización de talleres técnicos para o desenvolvemento dos retos identificados.
- Elaboración dun catálogo de instrumentos de xestión e análise competitivo doutros destinos (benchmarking).
- Dirección técnica e metodolóxica para a redacción do plan, desenvolvemento da imaxe e maquetación do plan.
- Organización de eventos de presentación ao sector.
- Asistencia e coordinación do convenio.

Segunda.- Orzamento e financiamento

O orzamento estimado para o desenvolvemento das actuacións obxecto deste convenio ascende a cento dezanove mil douscentos setenta e sete euros con setenta e oito céntimos de euro, 119.277,78€ (IVE incluído), co seguinte desagregamento:



ACTIVIDADE	ANUALIDADE 2024 (IVE INCLUIDO)
Talleres técnicos para o desenvolvemento dos retos identificados na Estratexia de Turismo de Galicia.	40.000,00 €
Catálogo de instrumentos de xestión e análise competitivo doutros destinos (benchmarking)	12.350,00 €
Dirección técnica e metodolóxica para a redacción do plan, desenvolvemento da imaxe (logotipo e materiais gráficos) e maquetación do plan	40.000,00 €
Eventos de presentación ao sector	15.000,00 €
Asistencia e coordinación do convenio	11.927,78 €
TOTAL	119.277,78 €

Deste orzamento total, a Axencia de Turismo de Galicia financiará as actividades cun importe máximo de 119.277,78 € (100%), con cargo á aplicación orzamentaria 04.A2.761A.640.0, código de proxecto 2013 00004, procedentes dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024.

A Axencia de Turismo de Galicia procederá ao pagamento do importe a favor da entidade, unha vez esta presente a documentación xustificativa establecida no presente convenio.

En todo caso, a achega que fai a Axencia de Turismo de Galicia para posibilitar a realización das actuacións será dedicada aos gastos de execución do proxecto, e só cubrirá o custo de realización da actividade sen que o CTG obteña beneficio ou lucro industrial algún coa dita achega.

Terceira.- Compromisos das partes

1. O CTG comprométese a:

- Desenvolver as actuacións recollidas na cláusula primeira deste convenio, e que constitúen o seu obxecto.
- Entregar á Axencia de Turismo de Galicia unha memoria das actividades realizadas, así como o documento do Plan Estratéxico de Turismo de Galicia 2024-2030, en formato dixital, así como todos os documentos e audiovisuais creados durante a súa elaboración (fotos/vídeos de presentación, talleres técnicos,)



- Facer constar a cooperación da Xunta de Galicia, de acordo co manual de identidade corporativa, en toda a información que se difunda sobre as actuacións, tanto nos medios de comunicación como no material informativo que se puidera distribuír.

- Incluír en toda a documentación e soportes específicos para o evento que se trata dunha actuación con financiamento da Xunta de Galicia a través da Axencia de Turismo de Galicia e incluír a marca turística de Galicia, de acordo co Decreto 121/2011, do 16 de xuño, polo que se aproba a marca turística de Galicia e se regula a súa utilización (DOG núm. 125, do 30 de xuño).

- Subministrar á Axencia de Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento pola Axencia de Turismo de Galicia, das obrigas previstas no Título I da citada lei.

2. A Axencia de Turismo de Galicia comprométese, pola súa banda, a colaborar co CTG para a mellor consecución dos fins comúns deste convenio, e en particular mediante as seguintes actividades:

- Apoio técnico e profesional nos protocolos de traballo, información e funcionamento que deseñe o CTG para a implementación das actividades.

- Apoio na procura de instalacións para manter as xuntanzas e talleres técnicos co sector turístico.

- A Axencia de Turismo de Galicia procederá ao pagamento dos gastos correspondentes a este convenio, unha vez que esta entidade achegue a documentación xustificativa establecida na cláusula sexta.

Cuarta.- Resultados conxuntos

O diverso material promocional elaborado en desenvolvemento das actuacións previstas neste convenio de colaboración será de uso e titularidade común por ambas partes asinantes.

Así mesmo, calquera dereito de propiedade industrial e intelectual sobre o material que resulte das actuacións do presente convenio será de titularidade conxunta das partes



asinantes, de xeito que ningunha poida facer uso dos citados dereitos coa oposición de calquera dos asinantes.

Calquera modificación dos resultados deberá ser autorizada polas partes asinantes. Non obstante, a Axencia de Turismo de Galicia, no cumprimento dos seus fins institucionais, poderá utilizar libre e gratuitamente os traballos de campo, datos de todo tipo, resultados, análises, informes e conclusións que se deriven das actuacións obxecto do convenio. En todo caso, nas accións de difusión de datos e informes obtidos pola execución destas accións farase sempre referencia ao presente convenio.

Quinta.- Dirección técnica, medios humanos e materiais

O CTG, como entidade executora das actuacións recollidas no presente convenio, co obxecto de garantir a súa adecuada execución, comprométese a asumir a dirección técnica, debendo proceder, en consecuencia, á asignación dos medios humanos e materiais que sexan necesarios e, no seu caso, á subcontratación de servizos necesarios para desenvolver as actuacións previstas no presente convenio, podendo subcontratar totalmente as actividades previstas.

En todo caso quedan fóra da subcontratación aqueles gastos nos que teña que incurrir CTG para a realización por si mesma da actividade obxecto deste convenio.

A necesidade da subcontratación estará debidamente motivada pola entidade beneficiaria e, en ningún caso, suporá un aumento do custo das actividades.

Os subcontratistas quedarán obrigados soamente ante CTG, que asumirá a total responsabilidade da execución da actividade subvencionada fronte á administración. O CTG será a responsable de que na execución da actividade concertada con terceiros se respecten os límites establecidos neste convenio en canto á natureza e contía dos gastos e esixiranlles ás/aos subcontratistas os documentos acreditativos dos pagamentos correspondentes. Os subcontratistas están obrigadas/os a lles facilitar aos organismos de auditoría e control toda a información necesaria relativa ás accións subcontratadas.

Na contratación das actividades que faga o CTG, este debe axustarse á Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, no relativo a criterios de obxectividade e concorrência e cumprindo os requisitos esixidos na Lei.



A subscripción deste convenio non implicará relación laboral, ou de calquera outra natureza, entre as partes e as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto deste convenio coa a Axencia de Turismo de Galicia de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir a mencionada entidade responsabilidade ningunha, nin directa nin subsidiaria.

Sexta.- Xustificación e pagamento

1.- A achega prevista na cláusula segunda será librada pola Axencia de Turismo de Galicia previa presentación da xustificación da execución das actuacións desenvolvidas, a través da seguinte documentación:

- Memoria explicativa da actividade realizada e acreditación do cumprimento do obxecto do convenio e da publicidade da colaboración da Axencia de Turismo de Galicia.

- Memoria económica xustificativa do custe das actividades realizadas, que conterá:

- a) Relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con identificación do acreedor e do documento, o seu importe, data de emisión e data de pagamento.

- b) Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico-mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación á que se fai referencia no apartado anterior e a documentación acreditativa do pago.

Non obstante, a documentación establecida nas letras a) e b) deste punto, poderá ser substituída por factura emitida pola entidade á Axencia de Turismo de Galicia polas actuacións realizadas obxecto de este convenio de colaboración.

- Nos supostos de gastos realizados con medios ou recursos propios, documentos acreditativos dos gastos realizados e a indicación, no seu caso, dos criterios de reparto dos costes xerais e/ou indirectos incorporados na relación á que se fai referencia na letra a).

- Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e da seguridade social e de non ter pendente débedas por ningún concepto coa Xunta de Galicia.

- Indicación do número de conta para realizar o pagamento xunto coa declaración responsable sobre a súa titularidade.

A Axencia de Turismo de Galicia resérvase o dereito a solicitar toda a documentación que considere precisa en relación coa xustificación do convenio.



2º.- O prazo para a presentación da citada documentación xustificativa remata o **10 de decembro de 2024**.

3º.- Se o investimento xustificado fose menor ao previsto no orzamento estimado contido na cláusula segunda deste convenio e sempre que se cumpra coa finalidade, procederá o pagamento que sexa obxecto de xustificación.

Non se entenderá incumplida a obriga de xustificación das actuacións obxecto deste convenio no caso de variacións das contías previstas nas distintas partidas establecidas no orzamento estimado na cláusula segunda, cando obedezan a razóns xustificadas e as actuacións que se levaran a cabo garden relación directa co obxecto do presente convenio.

4º.- A documentación correspondente á xustificación presentarase de forma electrónica a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<http://sede.xunta.gal>).

Sétima.- Comisión de Seguimento

Para o seguimento do convenio e da súa execución créase unha Comisión de Seguimento, que estará integrada por dous representante designados por cada unha das partes asinantes. A comisión será a competente para decidir calquera cuestión sobre a interpretación ou execución do presente convenio.

A súa actuación axustarase ao establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

As cuestións litixiosas que poidan xurdir coa interpretación, resolución e efectos do presente convenio serán resoltas pola comisión de seguimento, e en última instancia dirimiranse na xurisdición contencioso-administrativa.

Oitava.- Modificación e resolución do convenio

1. As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes, e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.



Así mesmo, e de conformidade co disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

2. Serán causas de resolución deste convenio:

- O incumprimento do seu obxecto.
- O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas que nel se establecen.
- O acordo unánime de tódolos asinantes.
- A decisión xudicial declarativa da nulidade do convenio.

Novena.- Natureza xurídica, réxime xurídico e xurisdición competente

O presente convenio de colaboración formalízase ao abeiro do disposto na resolución de 8 de abril de 1991 pola que se fai público a acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e con particulares.

Este convenio ten natureza administrativa e queda fóra do ámbito de aplicación da lexislación de contratos das Administracións públicas, segundo dispón o artigo 6.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, sen prexuízo da aplicación dos principios da citada Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse.

Seralle de aplicación o réxime determinado na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e polas demais normas en dereito administrativo aplicables ou, no seu defecto, polas derivadas do dereito privado.

Décima.- Publicidade e rexistro do convenio. Consentimento para a publicidade de datos persoais

O réxime de publicidade do convenio será o establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre as obrigacións específicas de información sobre



convenios. A sinatura do convenio leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade, incluída tamén a publicidade no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

Segundo o artigo 15 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Axencia de Turismo de Galicia publicará o texto íntegro do convenio.

Asemade procederase a inscrición do convenio no Rexistro de Convenios, de conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Coa sinatura do presente convenio as partes asinantes prestan o seu consentimento para incluír e facer públicos a través do Portal de Transparencia e Goberno Aberto e do rexistro regulado no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, os datos de carácter persoal e mailo resto de especificacións contidas no convenio.

Décimo primeira.- Protección de datos de carácter persoal

As partes asinantes responsabilizaranse de que calquera tratamento de datos persoais que puideran levarse a cabo en virtude do mesmo se realice con absoluto respecto ás normas de seguridade e de conformidade co establecido no Regulamento 2016/679 (UE) Xeral de Protección de datos (en adiante, RXPd), na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (en adiante, LOPDGDD) e demais normativa concordante.

Os datos persoais das persoas físicas asinantes do Convenio serán tratados polos asinantes unicamente para a adecuada formalización e desenvolvemento do mesmo e en base ao disposto no artigo 6.1 b) do RXPd.

Décimo segunda.- Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e os empregados das



administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica.gal, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Décimo terceira.- Vixencia

Este convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá vixencia ata o **31 de decembro de 2024**.

E en proba de conformidade de canto antecede, asinan dixitalmente este documento no lugar arriba indicado.

Pola Axencia de Turismo de Galicia

Polo CTG

Antonio Casas Calviño

Cesáreo González Pardal

